



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA E SE REGULA O OBSERVATORIO DA LUSOFONÍA VALENTÍN PAZ ANDRADE

Esta Secretaría Xeral Técnica, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *"Proxecto de Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade"*, emite o seguinte

INFORME

1.- Marco normativo e competencia.

A Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, dedica o título IV á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e á lusofonía, coa intención de recoñecer e intensificar os lazos con todos os países de lingua oficial portuguesa.

O artigo 28 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, establece que mediante un decreto do Goberno galego creárase o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade, do que formarán parte as entidades galegas de relación con Portugal e co ámbito da lusofonía, e que terá como finalidade asesorar ao Goberno, formular plans de acción e programar actividades de coñecemento, intercambio e programación.

A disposición derradeira segunda da Lei 10/2021, do 9 de marzo, faculta ao Consello da Xunta para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o axeitado desenvolvemento da lei.

Por outra banda, a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, establece que deberán ser promovidas as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa.

Así mesmo, o Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, adica o capítulo cuarto, pola súa situación e pola existencia dunha evidente afinidade cultural e histórica, á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e á Lusofonía. Así, defínese mellor a participación de Galicia na Comunidade de Traballo Galicia-Rexión Norte de Portugal, creada en 1991 ao abeiro do Convenio marco europeo sobre cooperación transfronteiriza entre comunidades e autoridades territoriais do Consello de Europa, e no artigo 31 regula a





cooperación galaico-portuguesa no ámbito da Lusofonía.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes configúrase como órgano de apoio á Presidencia e departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponden a elaboración, proposta e a execución da política do Goberno galego, entre outras, en materia de relacións exteriores e coa Unión Europea, de conformidade co Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de acordo co Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, configura. Así mesmo, o Decreto 117/2022, do 23 de xuño, regula as funcións que corresponden á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, configurándoa como o órgano superior da Administración autonómica de apoio, asistencia e asesoramento á persoa titular da Presidencia en todas as actuacións sobre relacións coa Unión Europea, acción exterior, análise da contorna internacional e cooperación ao desenvolvemento.

2.- Acerto e oportunidade

A lusofonía compóñena o conxunto de estados e comunidades de lingua portuguesa encadrados na Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

Tradicionalmente Galicia mantén uns fortes lazos co mundo da lusofonía e en particular coa Rexión Norte de Portugal, a través da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, constituída en 1991, e da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal.

Por outra banda, desde a entrada de España como Observadora Asociada da Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP) en xullo de 2021, grazas ao decisivo impulso dado pola nosa Comunidade Autónoma, Galicia vai estar estreitamente vinculada a este novo labor para desenvolver todo o potencial de tan importante asociación.

O galego é un valor cultural que nos identifica como pobo e que nos conecta cunha comunidade maior de máis de 270 millóns de persoas que falan portugués, xa que a intercomprensión entre ambas linguas é posible sen necesidade de mediación.

Deste xeito, empresas, institucións e, en xeral, a toda a sociedade poden aproveitar esta vantaxe lingüística, o que nos outorga importantes beneficios nas vertentes cultural e económica e nos concede unha grande proxección internacional.

Entre os antecedentes normativos e alicerces deste Observatorio, están a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, coñecida como Lei Paz Andrade, que di no seu artigo 3 que deberán ser promovidas as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno Galego.





Outro é a Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) de 2018, onde hai múltiples referencias á lusofonía, no limiar expónse que Galicia debe asumir un cualificado rol en España de ponte con Portugal e da máxima cooperación entre a cultura hispana e a lusofonía.

A norma crea e regula o Observatorio, en desenvolvemento do disposto no artigo 28 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, do que forman parte as entidades galegas de relación con Portugal e co ámbito da lusofonía. Establece como finalidade do Observatorio asesorar ao Goberno, formular plans de acción e programar actividades de coñecemento, intercambio e programación. Atendendo a esta finalidade, o Observatorio terá como funcións asesorar ao Goberno, con carácter non vinculante, propoñer plans de acción e actividades de coñecemento, intercambio e programación, servindo de foro de diálogo permanente entre as distintas administracións públicas e outras organizacións representativas de intereses no eido da lusofonía, co fin de asegurar a súa participación activa na abordaxe das relacións de Galicia no dito ámbito; así como aglutinar esforzos, coordinar as actuacións público-privadas e consolidar no tempo a Galicia no mundo da lusofonía.

Adscribíse o Observatorio á consellería competente en materia de acción exterior, a través da dirección xeral competente, que lle prestará o soporte preciso para o exercicio das súas funcións

3. Estrutura da norma

Respecto á súa estrutura, a norma que se tramita segue as Directrices de técnica normativa aprobadas por Acordo do Consello da Xunta do 30/10/2014.

O decreto estrutúrase en dous capítulos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I regula o seu obxecto, natureza e réxime xurídico do Observatorio, a súa finalidade, adscrición e funcións.

O capítulo II, regula as normas básicas de funcionamento, establecendo a composición do Observatorio, participación doutros órganos, o seu réxime de funcionamento e a súa difusión.

As disposicións adicionais establecen o non incremento do gasto, o prazo de constitución do Observatorio e a incorporación e/ou modificación de membros do mesmo.

O proxecto conta cunha disposición derogatoria e dúas derradeiras sobre habilitación normativa e entrada en vigor.





4. Tramitación

O procedemento de elaboración do presente proxecto axustouse ao disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Consta no expediente a documentación xustificativa dos seguintes trámites:

- Acordo de inicio 26.01.2023.
- Memoria xustificativa e económica, táboa de vixencias 26.01.2023.
- Memoria económica complementaria 14.02.2023.
- Informe Servizo Técnico-Normativo 26.01.2023.
- Aprobación do proxecto 01.02.2023.
- Informe Dirección Xeral de Simplificación Administrativa 03.02.2023.
- Informe de impacto de xénero de 07.02.2023.
- Análise de impacto demográfico 10.02.2023.
- Certificado exposición pública Portal de Transparencia 01.03.2023.
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos de 16.02.2023.
- Trámite audiencia e alegacións recibidas.
- Memoria xustificativa do tratamento dado ás alegacións e informes da fase intermedia da tramitación 12.05.2023.
- Informe Asesoría Xurídica do 13.07.2023.

En virtude do exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o *Proxecto de Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio da Lusofonía Valentín Paz Andrade*, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

A secretaria xeral técnica

Elena Muñoz Fonteriz

